

Vivenda para xente moza



En que consiste?

Os mozos de entre 22 e 30 anos poden recibir:

210 euros mensuais para o pago do arrendamento da súa vivenda habitual durante un máximo de catro anos.

Aforras 2.520 euros ao ano de arrendamento, e en total 10.080 durante os catro anos que dura a prestación.

600 euros de préstamo que se pode utilizar para a fianza.

Ao finalizar o contrato de arrendamento deberás devolver esta cantidade.

Se se precisa aval, 120 euros para os gastos da súa tramitación.

Con isto cobres boa parte dos custos necesarios habitualmente para iniciar un contrato de arrendamento. En total, aforrarás no primeiro mes ata 930 euros, sumando 600 do préstamo que che pode axudar para o depósito, 120 euros do custo habitual dun aval e 210 euros da primeira mensualidade.

Que condicións hai que cumprir?

Ter entre 22 e 30 anos (a prestación interrómpese aos 30 anos).

O tramo con maiores dificultades de emancipación está entre os 22 e os 30 anos.

Dispor dunha fonte regular de ingresos que non superen os 22.000 euros brutos anuais. Isto inclúe os traballadores por conta propia ou allea, os bolseiros de investigación e os perceptores social pública de carácter periódico, contributiva ou asistencial.

Acreditar unha vida laboral de polo menos 6 meses de antigüidade, inmediatamente anterior ao momento da solicitude, ou unha duración prevista da fonte de ingresos de polo menos 6 meses contados desde o día da súa solicitude.

Ser titular do contrato de arrendamento.

O contrato de arrendamento do teu piso debe estar ao teu nome, ou polo menos debes ser un dos asinantes.

A renda inicial de aluguer do teu contrato non poderá superar os 600 euros nos concellos de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, ou os 500 se a vivenda está ubicada en calquera outro concello de Galicia.

Os estranxeiros non comunitarios deben contar coa residencia legal permanente en España.

Se é o teu caso, debes ter a autorización de residencia permanente, que che conceden cando acreditas residir de forma legal e continuada en territorio español desde hai cinco anos.

Cales son as características da prestación?

A duración é de 4 anos, sexan ou non consecutivos.

Isto quere dicir, que podes fraccionar a duración da prestación. Por exemplo, se aos tres anos deixas de recibir a renda de emancipación, cando volvas a precisala, e, se aínda cumpres os requisitos, podes volver solicitar a prestación polo ano restante.

Só haberá unha prestación por vivenda habitual arrendada.

En caso de que haxa máis dun asinante no contrato de arrendamento, as contías das axudas a cada un dos que teñan dereito ás mesmas, serán o resultado de dividir as cantidades da axuda polo número total de titulares.

Por exemplo, se compartes piso cunha amiga, o contrato está a nome das dúas, e reunides todos os requisitos, corresponderíavos 105 euros mensuais a cada unha.

O receptor non pode ser propietario dunha vivenda (2).

O préstamo e o custo do aval só poderán ser percibidos unha única vez. Concederanse só para contratos de arrendamento novos.

O pagamento da prestación de 210 euros realizarase cada mes, tras comprobar que o inquilino realizou a transferencia da renda mensual ao propietario.

" Non se aceptarán contratos de arrendamento entre familiares próximos (primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade).

Se se modificase algunha desas circunstancias, o beneficiario terá que comunicalo de inmediato á Consellaría de Vivenda e Solo, para que resolva o que proceda e o comunique ao Ministerio de Vivenda.

* O receptor non pode ter un patrimonio superior aos 108.182,18 euros.

(2). Agás que no dispoña do uso nin do disfrute da mesma ou o seu valor catastral non exceda do 60 por 100 do prezo máximo dunha vivenda protexida de prezo xeral, acollida ao Real Decreto 801/2005, cualificada provisionalmente no mesmo momento da solicitude da axuda e situada na mesma situación que a vivenda da que se é titular.

Cando entra en vigor?

A renda de emancipación será percibida por meses completos, e terás dereito a recibila desde o mes seguinte ao da súa solicitude.

Cales son os pasos necesarios para obter a prestación?

Hai que presentar a solicitude nas delegacións provinciais da Consellaría de Vivenda e Solo.

A Consellaría de Vivenda e Solo comprobará que se cumpren todos os requisitos para percibir a renda de emancipación.

A Consellaría de Vivenda e Solo comunicarlle ao Ministerio de Vivenda o recoñecemento do dereito a percibir a renda de emancipación. Tras comprobar que o solicitante realizou a transferencia do pago do arrendamento mensual ao propietario, o Ministerio de Vivenda ingresará na conta bancaria do solicitante o importe da prestación.

Se o solicitante aínda non ten contrato de arrendamento, poderá solicitar o recoñecemento provisional do dereito á renda. Neste caso, terá tres meses desde o recoñecemento do dereito para buscar casa e presentar unha nova solicitude achegando o contrato de arrendamento. A Consellería de Vivenda e Solo comprobará os datos e comunicará o recoñecemento definitivo do dereito á renda.

Que documentación hai que presentar para obter a prestación?

O impreso de solicitude no que figuran os datos persoais necesarios para comprobar que se cumpren todos os requisitos como, a idade, o número da Seguridade Social, a referencia catastral da vivenda, o número de conta, etc. E unha copia do contrato de arrendamento.

Deberás presentar igualmente outra documentación que demostre que cumpres algún requisito esixido na normativa de aplicación.

É compatible esta prestación con outras axudas?

A renda de emancipación non é compatible coas axudas ao arrendamento do Programa de Vivenda en Aluguer, nen con outras axudas ao inquilino vixentes do Plan Estatal de Vivenda.

Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante